



Consello de Galiza

Buenos Aires, 31 de Agosto do 1958.-

Sr.D.  
César Alvajar  
P A R I S  
-----

Querido Alvajar:

Acabo de chegar dunha longa xeira por Mar del Plata e Montevideo con motivo das festividadeas do mes de Galicia e de outros "traballos accesorios" todos referentes ó mesmo tema. Oxe quero contestar con certo vagar as tuas duas derradeiras cartas. Por orde:

PROBLEMA ECONOMICO DA DELEGACION EN PARIS: Non podemos aínda -millor dito non nos atrevemos- a darche consello referente os teus traballos cos que te ganas a vida, no sentido de que deixes este ou te quedes con aquel. Nos quixeríamos asegurarche unha suma que che permitise desenvolverte folgadoamente, pero mentras non axustemos certos cabos non podemos facelo. De todos modos, entre o dez e o 20 de setembro o Consello de Galiza terá unha xuntanza especial, escrusivamente, pra tratar o problema. E aquí estamos impresionadísimos polo teu magnífico traballo e pola perfecta orientación que lle das. Son unanimes neste sentido os merecidos eloxios. Damosnos perfecta conta o que significa pra ti os sacrificios que fas. ABraira, Alonso Rios i-eu estamos empeñados en resolver ise aspecto da Delegación en París. E resolveremolo o antes posíbel. Ten, pois, uns días mais de espeitativa.

MOVIMENTO EUROPEO: O Consello de Galicia acordou en principio patrocinar, encargando a patriotas de aquí e de Montevideo (de toda confianza), e talvez nalgún outro país, constituir núcleos galegos pra o movemento europeo, ou como ti digas que debe chamarse, e encargarche, naturalmente, a ti que inicies os traballos preliminares pra formalizar ese ingreso: tramites previos, informacions, cuota e caraiter organico da entidade que nos represente. Cando estubo aquí Madariaga presentámoslle un memorandum "sobre problemas de Galicia" e, de pasada, falabamoslle do tema. Aínda non nos contestou/ E aquí en Buenos Aires hai unha especie de "filial" do movemento, mellor dito, do Consejo Federal Español, do que forma parte como galego o Presidente da Comision de Facenda do Consello de Galicia, don Manuel Puente. Mais como todas as cousas españolas de aquí é unha cousa morta, inerte, ou, como dis ti "inoperante". Por eso queremos que ti ahí revivas o tema pra aituar de cheo. Mentras tanto quedas pramente autorizado pra aituar no noso nome, e ternos informados, pra nos aituar en todo dacordo as tuas suzerencias.

DO INTERIOR DE GALICIA: O teu fillo Xavier está levando maravillosamente os traballos de enlace con xente de Galicia. Estou preparando un informe sobre o Consello de Galicia -o que é, o que significa, o que fai e o que quer facer- pra que el o faga circular no interior. Dille eso de parte miña e dille tamén que coidamos que o centro de enlaces con Galicia deber ser París, e debe estar nas suas mans, fora da correspondencia persoal que eu poida ter desde aquí. O grupo con quen nós tiñamos rela-

cións -darredor de "Galaxia"- é tamén inerte ou "inoperante" -góstame a palabra- e, como ti dis, está na figueira. Que siga no "cultural", que neso -soio neso- está moi ben! No outro non ven unha!

OS PARTIDOS: Estamos dacordo contigo. É posíbel que sexa mellor pra nós non participar, por agora, nesa trangallada. Eille de escribir a Maldonado, quitandolle importancia a cousa. E rechazando de plano as reformas que el nos propon pra que a Irmandade ingrese. Sempre a reserva do que che pareza a ti. Xa che mandarei copia da carta.

VASCOS E CATALÁNS: Tarradellas contestou fervorosamente o mensaxe que lle levou Canabal. Tamen o contestou moi cordialmente Gordon Ordas. Agui rre non respostou nin palabra. O que supoñíamos. Prieto detrás.

E nadamáis por oxe. Saúdos de todos e unha forte aperta do teusempre amigo



Ramón Suárez Picallo